



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Erasmus+

ESCOLA  
DE  
IMAXE  
E  
SON

# MEMORIA DE MOBILIDADE INTERNACIONAL.

Número proxecto: **2025-1-ES01-KA131-HED-000326027**

Sector: **Educación Superior**

Curso académico: **2025/2026**

Nº de identificación da mobilidade Erasmus+: **26027-MOB-0008**

Persoa beneficiaria: **Lorena Ares Pires**

Destino: [Polish-Japanese Academy of Information Technology](#). PJAIT. Warsaw, Poland.

Data: **12 - 18/05/2026**

## *Centro de acollida (descripción e contactos):*

Erasmus code: PL WARSZAW28

O centro de acollida da mobilidade foi a **Polish-Japanese Academy of Information Technology (PJAIT)**, situada en **Varsovia (Polonia)**. Trátase dunha institución de educación superior especializada nos ámbitos das tecnoloxías da información, deseño, animación, artes dixitais e comunicación audiovisual. A mobilidade desenvolveuse principalmente no ámbito da formación en animación e permitiume coñecer de primeira man a organización docente, as metodoloxías de ensino e os recursos empregados na formación especializada.

Durante a estancia realicei actividades de observación docente (job shadowing) e intercambio profesional vinculadas ás áreas de Motion Design, animación 2D e estudos especializados en filme animado, asistindo a sesións impartidas polo profesorado e persoal académico do centro.

Como persoas de contacto no centro de acollida participaron:

- Krzysztof Ciemny, Departamento de Relacións Internacionais: [pjint@pja.edu.pl](mailto:pjint@pja.edu.pl)
- Olga Wroniewicz, docente da área de Motion Design e Xefa do Departamento de Relacións Internacionais: [pjint@pja.edu.pl](mailto:pjint@pja.edu.pl)
- Zuzanna Szyszak e Mateusz Jarmulski, responsables das sesións de Animación 2D: [zszyszak@pjwstk.edu.pl](mailto:zszyszak@pjwstk.edu.pl) & [mjarmulski@pjwstk.edu.pl](mailto:mjarmulski@pjwstk.edu.pl)
- Edyta Adamczak, responsable dos estudos de posgrao e máster en Filme Animado: [edyta\\_adamczak@pjwstk.edu.pl](mailto:edyta_adamczak@pjwstk.edu.pl)
- Tamén as docentes: Monika Madrak [madrak@pjwstk.edu.pl](mailto:madrak@pjwstk.edu.pl)

Ademais establecín contactos e recollín información sobre outras entidades:

- SPPA (asociación de produtores): recomendada como entidade facilitadora para establecer contactos profesionais e favorecer futuras reunións co sector audiovisual polaco.
- PISF (Polish Film Institute): organismo de referencia no ámbito cinematográfico polaco, identificado como posible apoio institucional para futuras colaboracións e coñecemento do ecosistema audiovisual do país.
- Letko Studio (Varsovia): produtora vinculada ao sector da animación e recomendada polo centro de acollida como posible contacto para futuras reunións e oportunidades de colaboración, incluíndo a acollida de alumnado en prácticas.

Estes contactos poden abrir novas posibilidades de cooperación e internacionalización para futuras mobilidades de profesorado e alumnado.

Previamente á mobilidade contactouse cos seguintes posibles centros de acollida:

Łódź Film School	film@filmschool.lodz.pl <a href="https://www.filmschool.lodz.pl">https://www.filmschool.lodz.pl</a> international@filmschool.lodz.pl
Krzysztof Kieślowski Film School	dziekanat@film.us.edu.pl <a href="https://film.us.edu.pl">https://film.us.edu.pl</a>
Warsaw Film School	info@warsawfilmschool.pl <a href="https://warsawfilmschool.pl">https://warsawfilmschool.pl</a> international@warsawfilmschool.pl
University of the Arts Poznań	international@uap.edu.pl <a href="https://uap.edu.pl">https://uap.edu.pl</a>
SWPS University	international@swps.edu.pl <a href="https://swps.pl">https://swps.pl</a>
Zespół Szkół Poligraficznych (FP)	sekretariat@zspoligraf.pl

E coas seguintes empresas vinculadas ao sector do animación:

Platige Image	info@platige.com <a href="https://platige.com">https://platige.com</a>
Human Ark	hello@humanark.eu <a href="https://humanark.eu">https://humanark.eu</a>
Animoon	office@animoon.com <a href="https://animoon.com">https://animoon.com</a>
CD Projekt	contact@cdprojekt.com The Witcher, Cyberpunk dificil pero brutal se responden
Juice	info@j.studio pequeno, máis accesible

## *Asuntos tratados / actividades realizadas / documentación recollida*

Durante a estancia realizouse unha visita ás instalacións (3 edificios: central + IT, animación e artes) e aos espazos docentes especializados do centro (escultura, proxeccións de mapping, debuxo, imprenta, animación, robótica...), coñecendo a organización académica, os recursos técnicos dispoñibles e as dinámicas de traballo empregadas nos estudos vinculados á animación, ás artes e ás tecnoloxías.

Asistiuse ás sesións docentes de **Motion Design**, con Olga, observando metodoloxías de traballo aplicadas ao desenvolvemento de proxectos de Mapping e á aprendizaxe baseada na práctica con texturas. O perfil @motionpatterns en IG achéganos aos traballos do alumnado, que partindo dunha mesma base de debuxo con orixe xaponés, crea as animacións que posteriormente se proxecta co programa MadMapper.

Tamén se participou como observadora en sesións de **Animación 2D con alumnado de segundo curso**, con Zuzanna, nas que se traballou unha práctica de animación dun ciclo de camiñada cuadrúpeda mediante **After Effects e compoñentes externos**. Observouse unha metodoloxía baseada nunha explicación inicial, distribución de materiais e desenvolvemento autónomo por parte do alumnado; as entregas fanse semanalmente e poden continuar cos diferentes proxectos ata final de curso, para adaptarse o máximo aos diferentes ritmos de traballo do alumnado.

Tamén mantivéronse conversas sobre os **estudos de mestrado e posgrao en filme animado**, con Edyta, permitindo coñecer a estrutura académica, o perfil do alumnado e as posibilidades de especialización. Falando do proxecto persoal "O ladrao das palabras" ou "Street Poets", un filme animado documental, baseado nos poetas da rúa no Brasil.

Paralelamente, exploráronse opcións de contacto co sector profesional audiovisual en Varsovia. A pesar de non poder concretar reunións directas con empresas durante a estancia, o centro de acollida facilitou orientación e recomendacións estratéxicas para futuras colaboracións.

A estancia tamén coincidiu coa celebración da **Noite dos Museos**, unha actividade cultural na cidade que puiden disfrutar co equipo docente. Ademais permitíume ver a actividade que realizaron na Escola, aberta á comunidade local, e así coñecer outros proxectos desenvolvidos polo alumnado e polas distintas áreas da institución.

Neste contexto asistiuse ás **proxeccións de videomapping realizadas polo alumnado da PJAIT**, así como á exposición de proxectos vinculados á tecnoloxía e á creación dixital. Entre as actividades observadas destacaron demostracións de robótica, instalacións interactivas, concertos de música electrónica, videoxogos e espazos dedicados á difusión da cultura xaponesa. Esta actividade permitíume ver o enfoque interdisciplinar do centro, ao constatar como conviven os ámbitos da tecnoloxía, o deseño, a animación e a creación artística, así como coñecer proxectos desenvolvidos polo alumnado fóra do contexto estritamente académico.

Como documentación recollida realizouse rexistro fotográfico das actividades, recompiláronse referencias de proxectos e identificáronse posibles ideas transferibles ao contexto educativo propio.

## *Acordos de futuro*

Identificáronse oportunidades de colaboración futura entre institucións.

O centro recomendou establecer futuras vías de contacto mediante:

- **SPPA**, como asociación facilitadora de contactos profesionais;
- **PISF (Polish Film Institute)**, como organismo de referencia para acceder á rede audiovisual polaca;
- **Letko Studio**, produtora con experiencia na colaboración con alumnado en prácticas e predisposición para reunións e futuras conexións profesionais.

Ademais, durante a estancia mantivéronse conversas co persoal vinculado á **área tecnolóxica do centro**, que mostrou interese por presentar con maior detalle proxectos relacionados coa robótica e futuras infraestruturas tecnolóxicas e audiovisuais que están a desenvolver.

Coruña Estudio Inmersivo (CEI) espertou interese por parte do centro de acollida e a vontade de realizar unha futura visita ao CIFP Imaxe e Son e coñecer tamén este espazo, pois eles iano instalar no vindeiro ano, pero debido á necesidade de ventilación e aos continuos cortes de electricidade en Polonia, están tendo unha aplicación moi lenta.

## *Consellos e advertencias para futuras mobilidades de alumnado e profesorado.*

Recoméndase iniciar os contactos con empresas e institucións con suficiente antelación, preferiblemente mediante intermediación institucional ou recomendación previa, porque no contexto polaco observouse unha maior cautela inicial no establecemento de relacións profesionais.

Para mobilidades vinculadas á animación e audiovisual, recoméndase combinar observación docente con reunións profesionais externas para ampliar o coñecemento do sector, facendo o contacto previo co PISF.

Varsovia ten unha boa rede de transporte público e unha ampla oferta cultural (Museo de arte Moderna, exposicións innovadoras, ...). Os transportes na cidade e a comida son asequibles, pero as estancias e o billetes de avión son caros. A miña recomendación é escoller apartamentos/hotel no barrio de Mokotov, que está próximo ao centro en metro/tranvía/bus, para poder axustarse ao orzamento para a estancia; e avión ao aeroporto de Chopin que está moi cerca á cidade de Varsovia.



Asdo: Lorena Ares Pires

En A Coruña, a 23 de maio de 2026



**Cofinanciado por  
la Unión Europea**